



Expediente IET: P-21-267
Proxecto: Parque eólico Porto Vidros
Concellos: Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro (Pontevedra)
Promotor: Naturgy Renovables, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 14/07/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Porto Vidros.

1. Antecedentes:

Con data do 21/06/2021 o Instituto de Estudos do Territorio (IET) emitiu un informe sobre este proxecto no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe concluíase que o proxecto podía producir efectos significativos sobre valores paisaxísticos, os cales se tiñan que avaliar para establecer as oportunas medidas preventivas e correctoras. Para tal fin, o EIIP tiña que se completar de acordo ao disposto nos artigos 27, 28, 29 e 30 do Regulamento da Lei 7/2008 (RLPPG). Finalmente, facíanse unha serie de consideracións sobre as medidas a ter en conta para acadar unha mellor integración paisaxística das infraestruturas.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que achega o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética consiste nun escrito de resposta (data do 07/07/2022) ao informe do IET do 21/06/2021, e nun documento con data 31/03/2022 (asinado o 05/07/2022) denominado *Actualización del estudio de impacto e integración paisaxística PE Porto Vidros*, o cal, como se manifesta no



apartado de introdución, corresponde ao novo EIIP do proxecto. Neste documento reflíctense as modificacións efectuadas ao proxecto consistentes no desprazamento dos aeroxeradores T4-01 e T4-03 coa conseguinte modificación dos camiños de acceso aos mesmos, e o cambio no trazado final da liña de evacuación entre os apoios 28 e 32.

O novo EIIP coincide en parte co informado anteriormente, adaptando os seu contido ás consideracións efectuadas polo IET. A este respecto analízase a incidencia visual das infraestruturas do parque sobre as AEIP próximas, os LEIP, e os miradoiros (principalmente o de Limeres) apoiándose en infografías e fotografías, ademais dos núcleos de poboación e das vías de comunicación; realízase un estudo sobre a afección aos afloramentos rochosos mediante o cartografiado dos mesmos e con fotografías a pé de campo; e finalmente inclúese un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe.

Na análise das cuncas visuais, en relación a elementos de interese paisaxístico, indícase que as infraestruturas do proxecto serán visibles dende as AEIP máis próximas, principalmente a AEIP-08-12 Serra do Cando e o miradoiro de Limeres, lugares dende onde serán visibles os tres aeroxeradores, así como 20 e 22 apoios da LAT respectivamente. Cabe mencionar que respecto ao miradoiro de Limeres, localizado a 825 metros da posición T4-02, a incidencia visual non será moi significativa posto que as principais vistas diríxense cara ao norte e que o lugar non se atopa especialmente habilitado para a observación, estando rodeado de masas arbóreas.

Os cambios no deseño do parque resultan efectivos para diminuír certos impactos paisaxísticos. Deste xeito, o desprazamento dos aeroxeradores T4-01 e T4-03 así como o cambio no trazado do camiño de acceso ao primeiro, minimizan a afección sobre os afloramentos rochosos presentes ao redor destas posicións. Non obstante, seguen a producirse afeccións sobre estes elementos compositivos das paisaxes na posición T4-02. Por outra banda, pódense considerar correctas as medidas adoptadas para mellorar a integración paisaxística do centro de seccionamento e control e reducir a súa visibilidade na contorna. Tamén serán efectivas as medidas de sobreelevar o apoio 28 da LAT uns 9 metros (pasando dunha altura total de 26,75 metros a 35,65 metros) para reducir a afección ás masas arbóreas autóctonas nos vanos 26-27 e 27-28, tendo que realizarse só podas selectivas en algúns exemplares. Respecto ao cruzamento co río Lérez, manifestan que os bosques caducifolios de ribeira neste lugar non se verán directamente afectados debido á altura (máis de 40 metros) á que se produce o cruzamento. En relación a outros elementos de interese paisaxístico como son os muros tradicionais presentes na contorna dos apoios da LAT, no EIIP indícase que serán identificados nos planos da obra e se establecerán medidas protectoras que garantan a súa conservación e protección.

4. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase, en xeral, axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben deberase completar o EIIP co que se indica a continuación.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar os núcleos de poboación, as AEIP próximas e os miradoiros. Esta incidencia visual se ben non supón un impacto crítico. A este respecto, considérase adecuada a medida recollida no EIIP, relacionada coa directriz de paisaxe DX.20.c, de prever a execución de pantallas vexetais nos núcleos de poboación de existir unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores.

Outros impactos produciranse sobre os afloramentos rochosos na contorna do aeroxerador T4-02, polo que deberán estudarse medidas para minimizar as afeccións como poden ser as relativas ao deseño das plataformas de montaxe, zona de acopio das pas ou da torre,





acreditándose, de ser o caso, a inviabilidade técnica destas medidas. Estes contidos incorporaranse ao EIIP, que deberá someterse a un novo informe do IET.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

